

CONTACTO E INTERFERENCIAS LINGÜÍSTICAS NA PRENSA ESCRITA

Andrés Tarrío Barreiro¹
Miguel Seoane García
O Correo Galego (Santiago de Compostela)

O galego é un idioma minorizado que se atopa nunhas condicións especiais, pois, á parte de que o seu contorno xeográfico e sociocultural está constituído estrictamente por linguas emparentadas con el, durante moito tempo para a maioría da poboación galega a nosa lingua era un dialecto do castelán, mentres que para algúns círculos intelectuais era un dialecto do portugués; entre estas dúas opinións está a que considera o galego unha lingua con identidade propia. Neste último camiño, de seguro que os esforzos dos nosos devanceiros, intelectuais e escritores que contribuíron a construí-la lingua galega estaban plenamente xustificados.

Na terminoloxía lingüística hispánica circulan desde finais dos anos 70 os termos *normalización* e *normativización*; o primeiro refírese á extensión social da lingua e o segundo á escolla e formulación da norma. Este segundo aspecto é chamado por algúns dos seus principais teorizadores *planificación lingüística*.

Cómpre advertir que a normativización, tal e como é entendida polos seus teorizadores, refírese principalmente ás manipulacións conscientes (enxeñería lingüística) no corpus lingüístico para crear ou reformar unha lingua determinada de tal xeito que: permita unha comunicación óptima e fluída entre os seus usuarios; sexa unha lingua económica, é dicir, que cun número cativo de elementos se poidan crear tódalas mensaxes posibles; teña unha dignidade estética que faga posible a creación literaria; sexa flexible, que se poida adaptar a novas tarefas que, de seguro, van xurdir.

Neste sentido a planificación lingüística en Galicia é moi recente, xa que as propostas anteriores carecían da socialización necesaria. Ademais, para crear esta serie de normas que lle desen regularidade á lingua, o estándar galego moderno tropezou con dúas dificultades engadidas: o galego é un idioma subalterno, e, por outra parte, como dixemos, estruturalmente moi semellante á lingua hexemónica do Estado.

A necesidade de marcar distancias obrigou a extrema-los requisitos de purismo, presentes en todo o desenvolvemento do galego moderno, motivado polo bilingüismo consciente dos falantes de Galicia. O purismo é un recurso efectivo nunha situación de

¹ Cora, nº 26, A Estrada 36.682, Pontevedra; Teléfono (986) 58 67 37; E-mail: atarrio@hotmail.com/ocorreo@tsai.es

ósmoste, mais, doutra banda, pode dexenerar en diferencialismo hiperenxebrista. Esta hiperalineación pode dar lugar a que se reactiven de xeito individual leis fonéticas que xa non as aplican os falantes actuais (creando formas como *zoa*, *ambiente*, *nazón...*), darlle preferencia a unha palabra diferente do castelán fronte a outras formas patrimoniais comúns (por exemplo *bágoa* fronte a *lágrima*, *beizos* fronte a *labios*, *preto* fronte a *cerca...*), ou ben poñendo en circulación vellos dialectalismos.

O purismo é unha solución óptima, mais non sempre doada de atopar, xa que o neoloxismo hiperenxebrista, inda que teña como alicerce unha boa intención, encobre un deficiente coñecemento da lingua real, que é moito máis diferente do que realmente parece. Se non botámo-las mans á cabeza por un préstamo do inglés, do italiano ou do francés, tamén cómpre botar man do castelán (*bombilla*, *tortilla...*) ou do portugués (*perigo*, *xeral...*), xa que é normal que linguas próximas de xentes que son veciñas se inflúan.

No campo do léxico, no que aínda falta por facer unha proposta normativa equiparable á ortográfica e á morfosintáctica, hai que ter en conta que existen dificultades engadidas, unha delas é que é moito máis difícil de reducir a norma, ó tratarse dun sistema aberto e moi complexo. En segundo lugar, a través das palabras circulan conceptos culturais dunha lingua a outra, sobre todo no mundo occidental no que nos movemos. Neste sentido, as sociedades de hoxe non son impermeables. De fóra veñen novas, modas, inventos, técnicas e ideas revolucionarias. Unha lingua ten que amplia-los seus ámbitos para expresar toda a complexidade da vida moderna, polo que debe desenvolver tecnoloxías e recursos estilísticos para unha serie de campos que teñen moitos clixés, como poden ser, por exemplo nun medio de comunicación, os partes meteorolóxicos, as transmisións deportivas... Doutra banda, esta modernización tamén lles preocupa ás linguas con poder, mesmo de emprego internacional.

No galego esa preocupación existe dende hai tempo, e xa foi asumida, con máis ou menos acerto, no século XIX por persoas que fixeron xornalismo en galego (en xornais como *O Tío Marcos da Portela*, *A Monteira*), pero sobre todo neste século, debemos recorda-las Irmandades da Fala, no campo xornalístico *A Nosa Terra*, ou os primeiros ensaios e as primeiras obras científicas en galego. Temos que lembra-la Xeración Nós, que intentou europeiza-las ideas estéticas e a ciencia en Galicia, tarefa que continuou co Seminario de Estudos Galegos. E, logo, cómpre salienta-lo labor, neste campo, do Instituto da Lingua Galega e dos lingüistas dos distintos medios de comunicación.

Por outra parte, as propostas lingüísticas para seren eficaces non dependen tanto do que as propón como da difusión e aceptación masiva que teñan. Daquela, os medios de

comunicación e os personaxes públicos cumpren unha función sobranceira á hora de fixarmos unha norma para o galego.

Así, por exemplo, ¿quen non recoñece o efecto normativizador de series de televisión como “Iota R” ou actualmente do programa infantil “Xabarín Club”?, que parece que fixeron máis efecto na xente e nos pícaros que moitas campañas de normalización e normativización desenvolvidas desde diversos ámbitos.

En definitiva, a oficialización da lingua galega permitiu que o idioma se achegase a áreas antes descoñecidas para el, como o ensino, a administración ou os medios de comunicación. Mais, como non é alleo á realidade que o rodea, o galego utilizado neste novos ámbitos, en concreto nos medios de comunicación, sofre interferencias que día a día os lingüistas e xente interesada na lingua intentan depurar.

Doutra banda, este espallamento dos usos da lingua fai necesario un continuo labor de adecuación e de evolución do idioma para adaptarse a eses novos camiños que lle toca percorrer. Un deses traballos pasa pola análise da lingua en cada un destes novos campos, para vérmolo seu uso, cómo se presenta neles, qué aspectos do idioma foron asimilados e cáles necesitan unha etapa de maduración.

Para realizarmos este labor e concretalo o máximo posible, tomamos como material de campo, dentro dos medios de comunicación, o xornal *O Correo Galego*, que, desde a súa aparición hai catro anos, tamén quere xogar este papel importante, como medio de comunicación diario, na dinamización lingüística e cultural do país. O noso traballo cotián consiste en traducir ou corrixir textos xeralmente escritos en castelán ou artigos redactados en galego.

Velaquí polo tanto a primeira característica do noso traballo: algúns textos veñen escritos en castelán. O segundo aspecto definidor do noso labor poderíamolo chamar “factor tempo”: teñan vostedes en conta que a confección dun xornal é cada día unha conta atrás onde xunto coa reflexión e bo facer é importante axustarse a un horario establecido para tódolos compoñentes da Redacción. Unha terceira característica definitoria do noso traballo é a maior adaptabilidade posible ós lectores. É innegable que un dos aspectos que máis valora o lector é a claridade e a facilidade na lectura dunha noticia aparecida nun medio. Estes lectores, como poderán supoñer, foron educados en castelán aínda que se lles supoña un coñecemento máis que suficiente do galego. Como cuarto punto importante temos que ter presente a evolución histórica da nosa lingua, polo que a nosa realidade lingüística non pode nin debe ser allea á devandita consideración.

Estas catro circunstancias marcan de xeito importante o noso traballo diario xa que nalgunhas ocasións, en prol da comunicabilidade, debemos ir máis alá do afán purista para que o lector capte cun mínimo esforzo o contido do titular ou texto.

É moi doado dicir que temos que corrixir en multitude de ocasións a acentuación das formas dos verbos de pasado, é moi fácil corrixir unha colocación irregular do pronome; estamos todos de acordo en corrixir interferencias do castelán que provocan que se cambien as formas de dativo polas de acusativo no pronome como en “chameille onte ás dez, e despois perseguinlle todo o día”. Notamos unha influencia clara do castelán en frases como “ó raposo só se lle ve pola noite” e non dubidamos en corrixila. Tampouco temos dúbidas cando observamos unha colocación irregular do pronome como en “cho digo de verdade” –xa aparecen voces que principian a falar dunha característica do galego da cidade, aínda que, iso si, un trazo de influencia castelá, mais segundo estas mesmas voces non por iso totalmente desbotable–. Atopamos influencias, ademais, en demostrativos, indefinidos, etc. e tampouco nos trema a man nas correccións. De non ser así evidentemente estaríamos contribuíndo a unha maior castelanización do galego.

Pero como xa dixemos ó principio non sempre a corrección é tan doada, sobre todo naqueles campos –o léxico ou a fraseoloxía– nos que aínda non se fixo un estudio tan sistematizado como na ortografía e na morfosintaxe pola dificultade deste estudio en si, por tratarse dun sistema aberto e moi complexo.

A seguir imos analizar un pouco máis polo miúdo estas interferencias principiando polo campo morfosintáctico para logo seguirmos coa análise do léxico e da fraseoloxía.

Nos *demonstrativos* atopamos formas coma *istes* ou *ise* que podendo ser nalgunhas ocasións formas dialectais chegaron a ter unha grande utilización debido ó afán diferencialista do redactor que o ve como unha forma máis galega. Se nos referimos ó *posesivo* cómpre lembrar que por interferencia allea aparece nalgunhas ocasións a utilización deste determinante sen artigo nos casos nos que é de regra o seu emprego. Verbo dos *indefinidos* a presión do castelán fai que aparezan formas como *alguién* ou *ninguién*, ou mesmo *calquer* ou *cualquer*. Nos *relativos*, *interrogativos* e *numerais*, temos moi presentes os castelanismos *quenes*, *cuio*, *cuias*, *donde* ou mesmo as formas *quinientos*, *cuarenta*, *ochenta*, etc, que teñen un claro influxo do castelán.

De tódolos aspectos que levamos visto da gramática sobre as interferencias na prensa escrita, e en concreto en *O Correo Galego*, quizais sexa o verbo a compoñente que presenta maiores dificultades, tanto polo seu uso, como polo seu significado e conxugación. Se

deixamos a unha beira o significado (que trataremos no aspecto dedicado ó léxico) e nos centramos na forma, ímonos referir a cada un dos elementos que compoñen esta clase de palabras.

En canto á *conxugación* nalgúns verbos que presentan alternancia no presente de indicativo, (*tusir, durmir, seguir, servir*) a influencia castelá provoca dous tipos de interferencias; ou ben non se fai a alternancia no presente, conxugaríase *servir* como *advertir* e *durmir* como *curtir*, e así aparecería: *sigues, sigue*, ou *durmo, durmes durme*, etc, ou ben espallan a raíz da 2ª, 3ª e 6ª persoas, ó infinitivo creando formas como *seguer, dormer* ou *dormir...*

Outro problema que se presenta na conxugación dos verbos é a incorporación deles a un ou a outro modelo á hora de establece-lo seu infinitivo. Ocorre isto con verbos da segunda conxugación (*bater, combater, verter, corromper, interromper...*) que nalgúns ocasións, claramente influenciados polo modelo castelán, se incorporan ó grupo dos verbos en *-ir*:

Normalmente estes verbos aparecen conxugados segundo o seu modelo, o dos verbos regulares en *-er*: *bater, converter, recorrer, abater*.

A reflexividade. O verbo galego acode moito menos ó uso do reflexivo do que o fai o castelán. Son rexeitables as construcións nas que aparece un reflexivo que podemos denominar de interese (**caerse, *subirse, *baixarse...*), e tamén aqueles verbos non pronominais usados así (**abrandarse, *beberse, *enfriarse, *durmirse, *estarse, *calarse, *crerse, *xogarse, *saírse, *quedarse...*). Os exemplos con este último tipo de verbos son frecuentes no xornal, sobre todo con tres formas, dúas empregados na área de deportes (*xogar, saír, levar*) e outro usado a nivel xeral (*quedar*).

As perífrases verbais. O uso destes complexos verbais, que moitas veces nos auxilian para expresarmos certos contidos de tempo que doutro xeito sería imposible por mor da práctica inexistencia das formas conxugadas, non teñen moito emprego no xornal. As máis frecuentes son sobre todo *volver + infinitivo* e *ir + infinitivo*.

A pesar de todo, moitas das aparicións destas dúas perífrases son incorrectas, xa que se documentan coa preposición *a* entre o verbo *ir* ou *volver* e o infinitivo, dando lugar ás perífrases **volver + a + infinitivo* e **ir + a + infinitivo*, de clara influencia castelá; dentro das perífrases, as aspectuais imperfectivas teñen a opción de construírse con xerundio (*estar + xerundio, andar + xerundio, levar + xerundio, ir + xerundio, vir + xerundio*) ou ben construírse con *a + infinitivo*, infinitivo xerundial, que é a forma máis tradicional (*andar + a + infinitivo, estar + a + infinitivo*). Das ocorrencias deste tipo de complexos verbais, observamos como a maior parte delas son con xerundio, porque así tamén o fai o castelán.

No estudio do *léxico* é onde máis se pode observar a deterioración ou a vitalidade dunha lingua. Aquela lingua que saiba adaptarse ós novos tempos, que sexa áxil na creación de novas palabras que nomeen novos obxectos, será unha lingua con futuro. Pola contra, aquela que dependa excesivamente doutra, da que recolla todo o léxico que apareza para obxectos novos ou para os novos avances será unha lingua estancada, dependente e en decadencia.

O galego non só ten que supera-lo atranco da introducción frecuente de anglicismos actualmente, senón que ademais ten que superar, aínda, unha tradición castelanizante de séculos.

Prestarémolles atención ó longo desta comunicación a dous aspectos fundamentais: a observa-los castelanismos que existen na lingua do xornal e a ve-los anglicismos, galicismos, etc. que se están a introducir e a súa posible tradución ó galego. Ademais fixarémonos nalgunhas variantes galegas co mesmo ou semellante significado que as castelás, que aparecen ó longo das páxinas do xornal, para vérmolo seu emprego.

No diario aparecen a miúdo *sinónimos* ou *pseudosinónimos* que expresan ou que queren expresa-lo mesmo significado. Moitas veces son totalmente sinónimos, polo que en calquera contexto se poden intercambiar sen ningún tipo de atrancos, mais, outras veces, só son sinónimos con certos contidos, mais non con outros.

Ímonos fixar neste traballo naquelas formas que non son sinónimas, é dicir, que non son intercambiabes en tódolos contextos, pero que a presión do castelán fai que unha delas sexa a dominante: *aficionado/siareiro*; *cumio/cume*; *interese/xuro*; *presuposto/orzamento*; *xeira/xornada*.

Outras formas nunca son intercambiabes en ningún contexto xa que posúen semas totalmente diferentes, mais, pola presión externa, a forma igual á castelá invade campos semánticos da outra forma galega: *abono/aboamento*; *temporada/tempada*.

Castelanismos. De tódalas influencias que a lingua castelá ten sobre o idioma, os castelanismos léxicos son os que máis se introduciron na lingua. A causa principal, tantas veces anotada, foi a imposibilidade de creármolos nosos propios mecanismos léxicos para nomear tódolos novos obxectos, progresos, que foron aparecendo ó longo dos anos.

O castelanismo introdúcese na lingua por medios moi diversos, ben directamente, sen sufrir ningunha variación ou ben adaptándose á fonética galega.

Entre os primeiros hai algúns substantivos moi frecuentes: *inversor* (“investidor”), *cruce* (“cruzamento”, “intersección”), *hachís* (“haxix”), *financiación* (“financiamento”), *lío* (“sarillo”, “barullo”), *liderazgo* (“liderato”), *plantilla* (“cadro”), *racha* (“serie”, “sorte”,

“marcha”), *asignatura* (“materia”, “disciplina”), *corresponsal* (“correspondente”), *entorno* (“contorno”)...

Os castelanismos son frecuentes tamén entre os verbos: *reanudar* (“reiniciar”), *alabar* (“loar”, “gabar”), *volcar* (“envorcar”), *garantizar* (“garantir”), *ubicar* (“situar”), *personarse* (“presentarse”), *entrever* (“albiscar”), *rebasar* (“rebordar”).

Outras veces o castelanismo disfrázase coa fonética ou coas desinencias galegas: *planteamento*, *plantexamento*, *xove*, *suxerencia*, *cumpreanos*, *reflexar*, *xenerar*.

Mais tamén aquí cómpre abrir un buraco e deixar entrar opinións, ó noso ver nalgúns ocasións fundadas, que preguntan a razón pola que temos que desbotar palabras como *cumpreanos*, *ubicar* ou *aportar* cando xa teñen unha grande historia na nosa lingua e están totalmente asentadas. O afán de depuración non nos estará levando a situarnos no lado contrario?; ben é verdade que o léxico é fundamental para a identidade dunha lingua, mais tamén é verdade que a evolución interna da mesma cunha lingua teito determinada, cunha lingua que a asoballaba, ou mesmo, nalgúna ocasión, necesidades expresivas fan que estas palabras teñan maior poder comunicativo.

Os estranxeirismos. A introducción de estranxeirismos na lingua do xornal é frecuente, sobre todo en seccións como deportes ou economía.

Coidamos que a solución que se debe adoptar pasa por:

-Cando o estranxeirismo teña unha solución na lingua propia debemos usar esta.

-Se o estranxeirismo non ten unha solución adecuada, cómpre aceptalo. O criterio desta aceptación debería pasar pola adaptación ó galego, pola asimilación.

Dentro do primeiro grupo, imos dar unha relación de estranxeirismos que aparecen no xornal e que, sen embargo, cremos que teñen unha solución en galego, solución que achegamos:

-Nos deportes (fútbol, golf,...): *antidoping*: “antidopaxe”; *box*: “taller” (referente ó automobilismo); *caddie*: “axudante”; *gol average*: “diferencia de goles”; *open*: “aberto” (de tenis, de golf); *play-off*: “liga de desempate”; *record*: “marca”, “plusmarca”; *recordman*: “plusmarquista”.

-Na economía: *booking*: “reserva”; *broker*: “axente mediador”, “intermediario”; *holding*: “grupo empresarial”.

-Noutros campos: *best-seller*: “éxito de venda”, “éxito editorial”; *casting*: “selección”; *compact disc*: “disco compacto” ou, simplemente, “compacto”; *container*: “colector”; *share*: “cota de pantalla”; *stand*: “pavillón”, “caseta”, “posto”.

Outros estranxeirismos aparecen adaptados á fonética e á estrutura do galego: *baseball*: “béisbol”; *basketball*: “básquet”; *boycott*: “boicó”; *derby*: “derbi”; *film*: “filme”; *penalty*: “penalti”; *pivot*: “pivote”.

Noutros casos, a forma que se adopta é o estranxeirismo puro, sen buscarlle unha solución ou sen adaptalo á ortografía galega: *club*, *hippy*, *hockey*, *jockey*, *júnior*, *pub*, *set*, *rallye*, *sprint*, *sprinter*, *test*.

No primeiro grupo –aqueles estranxeirismos que teñen unha solución na nosa lingua– como lingüistas podemos e debemos recorrer á forma galega, mais en situacións comunicativas concretas, moitas veces cómpre empregar a forma estranxeira por ter un valor comunicativo maior.

A fraseoloxía. Moitas veces cálcense frases castelás no canto de respecta-las galegas en casos coma os que lles amosamos de seguido: *aí mas dean todas* (“tras do que non corro non canso”); *andar con dimes e diretes* (“andar con díxome-díxomes”, “andar con contos”); *aquí paz e despois gloria* (“non se fale máis”, “morra o conto”); *cada ovella coa súa parella* (“cada cal co seu igual”); *cada un no seu oficio* (“cada moucho no seu souto”, “cada un ó seu”); *cara de poucos amigos* (“cara de ferreiro”); *colle-lo rábano polas follas* (“colle-lo porco polo rabo”); *como unha centella* (“como unha chispa”, “como un lóstrego”); *con disimulo* (“coma quen non quere a cousa”); *chegar e bica-lo santo* (“chegar e encher”); *de boquilla* (“pola boca pequena”, “en falso”); *Deus aperta pero non afoga* (“nunca choveu que non escampase”); *dito e feito* (“meu dito, meu feito”); *dormir coma un lirón* (“dormir coma unha pedra”); *en aras de* (“en nome de”, “en prol de”); *e sen máis* (“e coa mesma”); *estar apañado* (“estar aviado”); *estar feito unha sopa* (“estar coma un pito”, “estar pingando”); *estar para o arrastre* (“estar derreado”, “non terse de pé”); *estar alguén que trina* (“está que bota fume”, “está que rabea”); *estar sen perra* (“estar á miñoca”, “non ter un patacón”); *en no teu lugar* (“de min a ti”); *non importar un bledo* (“non importar unha miga”, “non importar un carallo”, “non importar un comino”); *o meu gozo nun pozo* (“alá vai a festa”); *que te aguante túa nai* (“quen te fixo que te ature”); *romper unha lanza en favor de...* (“saír por...”, “volver por...”); *unha de cal e outra de area* (“unha a tortas e outra a dereitas”).

É evidente que temos que desbotar da nosa lingua estes calcos que, unha vez máis, están empobrecendo o noso corpus lingüístico, mais tamén debemos reflexionar sobre a evolución da lingua neste campo. Así por exemplo unha expresión como “una de cal y otra de arena” encontrámola traducida ó galego entre outras, destas formas *unha no cravo e outra na ferradura*; *golpe no cravo, golpe na ferradura*; *unha a tortas e outra a dereitas*. Non obstante é evidente que o lector urbano do xornal entendería moito máis de contado e resultaríalle máis

familiar a expresión en galego *unha de cal e outra de area* que calquera das outras dúas formas autóctonas. O lingüista ten neste aspecto o traballo de poñerlle couto ó castelán e deixar na lingua as que realmente lle acheguen algo novo ó idioma.

Por último, non sabemos se como lingüistas, falantes ou lectores, déixennos citar unha idea de Blas de Otero, que nos chega a través dunha cita de Camilo José Cela na que di “Blas de Otero non cría que se puidese escribir como se fala, pero sabía ben sabido que non se debe de escribir nunca como non se fala”.